

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1763** *Corrección de erros do Real decreto 23/2015, do 23 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), modificado polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, á simplificación e á mellora da creación e do funcionamento de tales agrupacións.*

Advertido erro no Real decreto 23/2015, do 23 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), modificado polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, á simplificación e á mellora da creación e do funcionamento de tales agrupacións, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 27, do 31 de xaneiro de 2015, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

No artigo 10, onde di: «A publicación do convenio e dos estatutos das AECT con domicilio social en España, así como as súas modificacións, realizaraa o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación no «Boletín Oficial del Estado» unha vez remitida a documentación prevista no artigo 7.2», debe dicir: «A publicación do convenio e dos estatutos das AECT con domicilio social en España, así como as súas modificacións, realizaraa o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación no «Boletín Oficial del Estado» unha vez remitida a documentación prevista no artigo 8.2».